

# MISA CON NENOS

17 de outubro de 2021

Ordinario 29º-B

Marcos 10, 35-45:

*“O Fillo do home veu para dar  
a súa vida en rescate por moitos”.*

**Mensaxe: A Igrexa non é podio para vencer senón escaleira  
para rescatar e servir.**



# 1.ACOLLIDA

## Monitor:

Amigos e amigas:


Reunímonos neste domingo 29 do tempo ordinario. Hoxe a Igrexa celebra o comezo do Sínodo Universal convocado polo papa Francisco.

As lecturas do domingo ensínanos a vivir servindo, a ser os primeiros en poñernos a disposición dos que nos necesitan, a exemplo de Xesús. Que esta eucaristía nos dea forzas para vivir así.

**SAÚDO do sacerdote:** No nome... -Xesús, que nos quere moito e que deu a vida por todos, sexa convosco.

# 2. ACTO PENITENCIAL

**Sacerdote:** Deus quere que todos o coñezan e se salven. Poñamos nel a nosa esperanza:



- **Pai-nai:** Fillo de Deus, que te compadeces de todos. **Señor, ten piedade de nós.**

- **Neno-nena:** Salvador do mundo, que viñeches a servir e dar a túa vida en rescate por todos. **Cristo, ten piedade de nós.**

- **Catequista:** Señor resucitado, que iluminas os pobos. **Señor, ten piedade de nós.**

**Sacerdote:** Deus todopoderoso teña misericordia de nós...

### 3. PALABRA DE DEUS

#### MONICIÓN ÁS LECTURAS

As lecturas deste domingo fálannos de que a vida hai que entendela como entrega polos demais e non como cerrazón a nós mesmos. Isaías dinos que o Servo de lavé, ou sexa Xesús, deu a súa vida polos demais aínda sen ter culpa. O mesmo dinos a carta aos Hebreos falando do sacerdocio de Cristo. Xesús, no evanxeo, di de si mesmo que entende a vida como servizo, como entrega aos demais.

#### LECTURAS

**ISAÍAS 53, 10-11:** *Ao entregar a súa vida como expiación, verá a súa descendencia, prolongará os seus anos.*

O Señor quixo trituralo co sufrimento, e entregar a súa vida como expiación: verá a súa descendencia, prolongará os seus anos, o que o Señor quere prosperará pola súa man. Polos traballos da súa alma verá a luz, o xusto saciarase de coñecemento. O meu servo xustificará a moitos, porque cargou cos crimes deles.

*Palabra do Señor.*

#### SALMO 32

**R/.** Que a túa misericordia, Señor, veña sobre nós, como o esperamos de ti.

**HEBREOS 4,14-16:** *Acheguémonos con seguridade ao trono da graza.*

**MARCOS 10, 35-45 (forma longa): O Fillo do home veu para dar a súa vida en rescate por moitos.**

**Narrador:** Naquel tempo, achegáronse a Xesús os fillos de Zebedeo, Santiago e Xoán, e dixéronlle:

**Santiago:** -«*Mestre, queremos que nos fagas o que che imos pedir*».

**Narrador:** Preguntoulles:

**Xesús:** -«*Que queredes que faga por vós?*».

**Narrador:** Contestáronlle:

**Xoán:** -«***Concédenos sentarnos na túa gloria un á túa dereita e outro á túa esquerda***».

**Narrador:** Xesús replicou:

**Xesús:** -«*Non sabedes o que pedides, podedes beber o cáliz que eu hei de beber, ou bautizarvos co bautismo con que eu me vou bautizar?*».

**Narrador:** Contestáronlle:

**Xoán:** «*Podemos*».

**Narrador:** Xesús díxolles:

**Xesús:** -«*O cáliz que eu vou beber beberédelo, e seredes bautizados co bautismo con que eu me vou bautizar, pero o sentarse á miña dereita ou á miña esquerda non me toca a min concedelo, senón que é para quen está reservado*».

**Narrador:** Os outros dez, ao oír aquilo, indignáronse contra Santiago e Xoán. Xesús, chamándoos, díxolles:

**Xesús:** -«*Sabedes que os que son recoñecidos como xefes dos pobos tiranízanos, e que os grandes oprímenos. Non será así entre vós: **o que queira ser grande entre vós, que sexa o voso servidor**; e o que queira ser primeiro, sexa escravo de todos. Porque o Fillo do home **non veu a ser servido, senón a servir e dar a súa vida en rescate por moitos***». Palabra do Señor.

**(Narrador- Santiago – Xesús - Xoán)**

## 4. ORACIÓN DA COMUNIDADE

*Sacerdote:* Con confianza de fillos presentemos ao Señor as nosas pregarías dicindo:

**-Pedímoscho, Señor.**

- 1.- Pola Igrexa, que deamos testemuño da Boa Noticia de Cristo de palabra e obra. **Oremos.**
- 2.- Polos que exercen algún cargo na sociedade, para que actúen sempre con coherencia e fidelidade. **Oremos.**
- 3.- Polas vocacións, para que xurdan no seo das nosas comunidades novas dispostos a seguir a chamada do Señor que nos fai servir a Deus e aos irmáns. **Oremos.**
- 4.- Polos misioneiros e misioneiras, para sintan sempre a alegría de Deus que lles acompaña e o apoio de todos nós. **Oremos.**
- 5.- Pola casa común de todos, para que con responsabilidade e amor, saibamos coidar a natureza e o mundo que Deus nos deu. **Oremos.**
- 6.- Por todos nós que vimos a misa os domingos, para que, a exemplo de Xesús, sexamos servidores, saibamos partirnos e repartirnos entre cantos nos rodean e pasan necesidade. **Oremos.**
- 7.- Polos nenos, pais e catequistas, polo froito do Sínodo Universal. **Oremos.**

*Sacerdote:* Escolta Pai de bondade nosas súplicas e énchenos sempre do teu amor e do teu consolo. Por XCNS.

## 5. PROCESIÓN DE OFRENDAS

### - CIRIO:

Ofrecemos en primeiro lugar un cirio para que a súa luz resplandeza nesta celebración, significando o noso compromiso de deixarnos iluminar pola Palabra de Deus; que ela cada día máis sexa “luz para os nosos pasos”, e nós, á vez, “luz do mundo”.

### - MANDIL:

Ofrecemos tamén un mandil co que servimos a comida aos nosos invitados expresando o noso compromiso de ir polo mundo servindo e dando un pouco da nosa vida como Xesús.

### - PAN E VIÑO:

Ofrecemos finalmente o pan e o viño, que se transformarán no Corpo e no Sangue do Señor, para que a comunión con El nos encha de forza para construír unha Igrexa aberta e servidora de todos.


## 6. SUXESTIÓNS:

- Poderíase dar a cada neno unha folla que poña “Quero ser o primeiro en amar e servir a todos”. Nun momento determinado os nenos asínanas e colócanas nun panel ou nun fío xunto ao altar. E un deles le: *“O importante é amar e servir, por iso dicímoslle a Xesús que queremos ser coma el, os primeiros no amor e no servizo. Este desexo entregámoslo a Xesús”*.

- O día 24 celebraremos o día do Domund. Que cada un intente aforrar algo do seu diñeiro nestes días para poñer en mans dos misioneiros para que eles cos seus proxectos poidan cambiar o mundo. Imos ensaiando tamén a canción “somos misioneiros” con xestos para a eucaristía:

<https://www.youtube.com/watch?v=oooWJgZame0>

<https://www.youtube.com/watch?v=zI-VloD13Kw>



"En todo amar y servir"  
San Ignacio de Loyola

# ORACIÓN DE GRAZAS

- *Onde hai unha árbore que plantar*

SEÑOR, toda a providencia é un anhelo de servir.

Serve a nube, serve o vento, serve o suco.

Onde hai unha árbore que plantar, que a plante eu;

onde hai un erro que emendar, que o emende eu;

onde haxa un esforzo que todos esquiven, que o acepte eu;

que eu sexa o que apartou do camiño a pedra,

o odio dos corazóns e as dificultades do problema.

Señor, hai a alegría de ser san e a de ser xusto,

pero hai sobre todo, a inmensa, a fermosa alegría de servir.

Que triste sería o mundo se todo el estivese feito;

se non houberse unha roseira que plantar, unha empresa que emprender.

Señor, que non caia no erro de pensar

que só se fan méritos cos grandes traballos;

hai pequenos servizos: arranxar unha mesa, ordenar uns libros, peitear unha nena.

Hai quen critica, quen destrúe, pero que sexa eu o que serve.

O servir non é unha faena de seres inferiores.

Ti, Señor, que es o froito e a luz, serves. Poderíámosche chamar? o que serve!

E tes os teus ollos nas nosas mans e pregúntanos cada día:

Serviches hoxe? A quen? Á árbore? Á túa irmá? Á túa:

Serviches hoxe? A quen? Á árbore? Á túa irmá? Á túa nai?

*GABRIELA MISTRAL (adaptación)*

**FELIZ DOMINGO, DÍA DEL SEÑOR.**

**RED CATEQUISTAS GALICIA**

**“A CATEQUESE COMEZA NA CASA...  
E CONTINÚA NA PARROQUIA”.**